



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE NOVEMBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/245/2017.- JOSÉ MARÍA PÉREZ SEIJAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de A Xesteira.

LIC/423/2017.- ALEXANDRE CORRAL PAMPÍN.- Conceder licenza para executar as obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita no Barrio de Guadalupe nº 35.

LIC/1047/2017.- BENEDICTA PUMAR CANEDO.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Casas do Rego nº 12 A.

2.- Aprobación do proxecto de expediente de suplemento de crédito nº 2017-SUPLE-03, e expediente de crédito extraordinario nº 2017-CREXT-04.

- Acórdase habilitar un suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-03 por un importe total de 236.552,41 euros, co obxecto de dar cobertura á insuficiencia de crédito comunicada desde o departamento de persoal para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento e para, por outra parte, dar cobertura á insuficiencia do crédito comunicada des de o departamento de expropiacións para facer fronte ao pago de intereses por execución dunha sentenza firme en relación ao prezo xusto da expropiación dunha parcela do SUNP-5 da Muíña.
- Acórdase habilitar crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-04 por un importe total de 327.976,81 euros co obxecto, por unha parte, de habilitar crédito na contía de 162.912,86 euros para dar cobertura ao pagamento á mercantil EXTRACO do IVE que corresponden da certificación nº5 de liquidación do contrato de obras de construción do parque de bombeiros de Salgueiriños e, por outra parte, de habilitar crédito na contía de 165.063,95 euros para dar cobertura á necesidade de crédito dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas comunicada desde Incolsa para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de A Xesteira. LIC/245/2017. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita no Barrio de Guadalupe nº 35. LIC/423/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar illada na rúa Casas do Rego nº 12 A. LIC/1047/2017. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico para dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e COGAMI, para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2017. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 15.000 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Animal dando conta da concesión de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia para 2017, así como á aceptación das mesmas. Dase conta da concesión dunha subvención da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, que contempla unha achega de 38.949,09 euros para a atención e coidado dos animais de compañía en centros de recollida, e outra de 4.000 euros para a adquisición de equipamento non funxible.

9.- Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación dun convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela para 2017. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Asociación cultural CIDADE VELLA. Apróbase a xustificación do convenio, que contemplaba unha achega municipal de 20.000 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o Padroado da CASA DA TROIA. Apróbase a xustificación do convenio, que contemplaba unha achega municipal de 3.600 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á xustificación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Asociación cultural ROCHA FORTE. Apróbase a xustificación do convenio, que contemplaba unha achega municipal de 3.000 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o Club de Atletismo SANTIAGO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 9.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á xustificación do convenio entre o concello de Santiago e a FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de mellora da accesibilidade na rúa Triacastela. Apróbase o proxecto técnico de mellora de accesibilidade na rúa Triacastela, cun orzamento máximo de licitación de 499.563,31 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de seis meses.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á corrección de erros no acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de outubro de 2017. Apróbase a proposta.

3.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á ampliación da dotación orzamentaria prevista na convocatoria para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para o curso 2017-2018. Acórdase incrementar o importe destinado á convocatoria dos 360.000 euros previstos ata 499.656,65 euros, o que supón un aumento do 38,79 por cento da dotación orzamentaria inicial.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de Mellora das condicións de accesibilidade no campo de fútbol de Santa Isabel. Apróbase o proxecto técnico cun orzamento máximo de

licitación da Fase I de 116.698,69 euros, IVE incluído. O prazo de execución é de dous meses para esta fase.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de reurbanización das rúas Patio de Madres e Castrón D'Ouro. Fase I. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 1.556.454 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 18 meses.